


Unidade 4



Esta unidade

Lectura e comprensión

¿Fantasmas no corredor

Relato

¿Por dentro. Prefixos de negación

Oración oral

Lista de produtos

Oración escrita

Descripción de obxectos

Gramática

Infinitivo, xerundio e participio.
As perífrases verbais

Ortografía

O hiato. Acentuación de
palabras con hiato

Recursos

As enciclopedias. Enciclopedias
na rede

Antes de ler

A nena da lectura cre que no corredor da súa casa viven fantasmas.

- ¿Que son os fantasmas? ¿Cres que existen de verdade? ¿Por que?
- Imaxina que podes entrevistar un fantasma. ¿Que preguntas lle farías?

Fantasmas no corredor

No corredor da miña casa hai fantasmas, mais non se parecen nada aos que teño visto nas películas e nos contos. Eu chámolles «tundas», foi o nome que se me ocorreu cando os descubrín. Polo día non se ven, pois ocúltanse tras das paredes, nalgún sitio que só eles coñecen. E pola noite, cando vén a escuridade, saen dos seus tobos e ocupan todo o espazo do noso corredor.

Descubrínos cando nos mudamos. Antes viviamos nun piso da Praza Maior, pero os meus pais sempre se queixaban de que nos quedara moi pequeno, sobre todo desde que naceu a miña irmá Beba. Entón foi cando alugaron esta casa e viñemos vivir aquí.


É unha vivenda grande e antiga, cos teitos moi altos e o piso de táboas de madeira. Aquí hai todo o espazo que se queira. Mamá dispón dun sitio amplo para traballar, Xavier ten un cuarto para el só e eu, outro para min. Beba tamén ten o seu, máis pequeno, pegado ao dormitorio dos meus pais.


E ata nos sobra un cuarto enteiro, que fai de despensa e almacén das cousas que xa non usamos.

A casa ten un corredor longo, moi longo, e polas noites, cando todo queda en silencio, escóitanse ruídos estraños nel. Mamá di que son as madeiras, que renxen de vellas. O meu pai opina que deben de ser os canos da auga. E Xavier afirma que son as ratas que andan a correr por dentro das paredes. Mais nada diso é verdade. Eu sei que o ruído o fan os fantasmas.

Empecei a notar a súa presenza ao pouco de chegarmos a esta casa. Cando a mamá ou o papá me mandaban a buscar algunha cousa á despensa, que está ao final do corredor, eu ben notaba como había cen ollos invisibles a espiarme. E pola noite, cando tiña que ir desde o meu dormitorio ata o cuarto de baño, que queda fronte á despensa, **levaba sempre o corazón nun puño**, coa sensación de que as tundas me vixiaban desde o teito e en calquera momento poderían abalanzarse sobre min.

levar o corazón nun puño: estar moi nervioso ou ter moito medo.





O malo é que ninguén máis se decatou aínda de que os fantasmas están aquí.

Papá nin tempo ten, pois pasa todo o día fóra da casa; e cando volve, aínda se pon a traballar coa morea de papeis que leva sempre na súa carteira.

Mamá, como é ilustradora, vive atarefada entre lapis e pinturas. E sempre anda obsesionada porque ten que rematar canto antes os debuxos dalgún libro que lle encargaron.

Xavier anda no seu mundo, **coa cabeza chea de paxaros**, como lle di papá. Cando está na casa, sempre se pecha no cuarto para estudar. Pero eu entrei sen chamar algunhas veces e sempre o pillei deitado na cama, escoitando música.

E Beba aínda é moi pequena para decatarse de nada. O único que fai, fóra de comer e durmir, é gatear por todos os cuartos da casa na procura de cousas para romper.

Só eu sei que na nosa casa hai fantasmas. Nin mamá, nin papá, nin Xavier, nin Beba. Eles van e veñen coma se este fose un piso normal. Pero no corredor están as tundas e dáme moito medo que un día cansen de andar sempre polo mesmo sitio e decidan ocupar a casa enteira. Entón teríamos que marchar, ninguén pode vivir entre fantasmas. E eu habíame poñer moi triste, porque non quero irme de aquí.

Agustín Fernández Paz,
Fantasmas no corredor,
Ed. Xerais

coa cabeza chea de paxaros: inmaturo, a pensar en cousas sen importancia.



Comprensión

1 ¿Quen é a protagonista da lectura? ¿Que outros personaxes aparecen?

2 Responde estas preguntas no teu caderno.

- ¿Que hai no corredor da casa da nena protagonista?
- ¿Como son? ¿Que nome lles puxo ela?
- ¿Que fan de día? ¿E de noite?
- ¿Cando os descubriu?
- ¿Onde vivían antes a nena e mais a familia?
- ¿Por que se mudaron?
- ¿Como é esta nova casa?

3 ¿Que opina cada membro da familia sobre os ruídos no corredor? Responde no teu caderno.

A nai
.....
.....

O pai
.....
.....

Xavier
.....
.....

A nena
.....
.....

4 ¿Que notaba a nena cando ía...

...á despensa?

...desde o seu dormitorio ao cuarto de baño?

5 Explica no caderno por que ninguén máis da familia se decatou de que os fantasmas viven no cor...

A nai
.....
.....

O pai
.....
.....

Xavier
.....
.....

Beba
.....
.....

6 Redacta un resumo da lectura.

Reflexiona

7 A nena da lectura está totalmente convencida de que o que ela oe no corredor son fantasmas. ¿Tú opinas? ¿Estás de acordo con ela ou non? ¿Por que?

- Se oes ruídos estraños na túa casa, ¿que pensarías que os provoca?
- ¿Que teme ela que fagan os fantasmas? ¿Que consecuencias traería para ela e a súa familia se os fantasmas fan iso? ¿Que lle dirías para que non sentise tanto medo?



A casa por dentro

11 Ordena estes nomes de partes da casa por dentro.

s a r i e l a c s e

f a i d o a

ñ a c i o c

o o t s


n l ó a s

ñ a b o

c t o s r u a

o r e d o r c r

12 Relaciona cada parte anterior co número correspondente da imaxe.



- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6
- 7
- 8

13 Inventa oracións que inclúan cada unha das partes da casa e unha acción que se acostume desenvolver nela. Axúdate destes verbos.

sentar - durmir - gardar - fritir - lavar - subir - ir - arranxar

Meu avó sempre senta no sofá do salón a ver a televisión.

14 Anota obxectos que adoiten atoparse en cada unha destas partes da casa. Faino no teu caderno.

Cociña
tixola

Salón
sofá

Cuarto
cama

Baño
peite

Faiado
caixas

.....
.....

.....
.....

.....
.....



.....
.....

.....
.....



Os prefixos de lugar e de negación

Lembras que un **prefixo** é un elemento que se coloca antes dunha palabra simple para formar unha palabra derivada, ¿non sí?



Os prefixos adoitan engadirlle un significado á palabra simple. Así, o prefixo *sub-* engádelle a *campión* significado de «lugar», en concreto, o significado «por debaixo de». E o sufixo *des-* engádelle a *facér* o significado de «negación».

Velaquí outros prefixos de lugar e de negación.

Prefixos de lugar

- sub-:** «por debaixo de»: *subterráneo*
- intra-:** «dentro de»: *intrauterino*
- extra-:** «fóra de»: *extraterritorial*
- trans-:** «ao outro lado de»: *transbordador*
- inter-:** «no medio de»: *interlineal*

Prefixos de negación

- a-:** *atípico*
- i-:** *ilegal*
- im-:** *imposible*
- in-:** *ingrato*
- des-:** *desacougo*

Exercicios

- 1** Clasifica estas palabras no teu caderno segundo o prefixo.

ilóxico - subacuático - extraterrestre
imperdible - inmoral - intracutáneo
transalpino

PREFIXO DE LUGAR

PREFIXO DE NEGACIÓN

.....

.....

- 2** Forma palabras derivadas a partir dos prefixos de negación *i-*, *a-*, *in-*, *im-* e *des-*, e estas palabras simples.

normal - cambiar - crible - real - probable

- 3** Inventa unha oración con cada unha das palabras derivadas do exercicio anterior.

- 4** Completa estas oracións no teu caderno coas palabras do recadro.

subtropical - intercontinental - intravenosa
transatlántico - extraordinario

- O meu avó era un home
- Chegou ao porto de Vigo un dos máis luxosos e grandes do mundo.
- A Roi puxéronlle unha inxección
- Esa viaxe durou unhas 4 horas.
- O país de Ahmed está situado nunha zona

Venda de produtos

Podes algunha vez a unha feira ou a un mercado? Pois en calquera destes lugares podemos oír conversas coma esta:



1. Forma parella cun compañeiro ou compañeira e representade unha conversa de compra e venda dun produto.

– Elidido unha destas situacións ou outra que vós queirades.

- Compra dun coche.
- Compra dunha tixola.
- Compra dun electrodoméstico.
- Compra dun piso.
- Compra dun pantalón.
- Compra dun chándal e unhas zapatillas de deporte.
- ...

– Repartide os papeis: un será o vendedor e outro o comprador.

– Redactade a conversa entre os dous. Tede en conta estes consellos:

- Tanto o comprador coma o vendedor deben empregar fórmulas de cortesía no saúdo e no trato.
- O vendedor debe convencer o comprador da utilidade e da calidade do produto que vende.
- O comprador ten que adquirir o produto de mellor calidade cun prezo o máis baixo posible.

– Engalade a conversa en voz baixa varias veces.

– Representade a conversa ante o resto da clase.


– Se algún de vós esquece algo, cómpre que improvise.

A descrición de obxectos

Cando dicimos que é, o material do que está feito, como é e para que serve un obxecto, estamos a facer unha **descrición** del.

— Le a descrición da tixola e cópiaa no caderno.

Utensilio de cociña metálico, de forma redonda, pouco fondo e con mango longo, no que se friten os alimentos.



— Subliña cada parte da descrición segundo este código de cor.



¿Que é?



¿Como é?
(a súa forma)



Material do que está feito.



¿Para que serve?
(a súa utilidade)

— Le agora estoutras descricións e indica que obxecto se describe en cada caso.

A

Utensilio de metal ou madeira con tres ou catro pugas nun extremo, para levar alimentos sólidos á boca.

C

Utensilio de metal ou madeira que consta dun mango longo e unha pa oval no extremo, usado para levar á boca líquidos ou substancias pouco consistentes.

D

Instrumento que consta dunha folla de metal con fío por un dos lados e unida a un mango, que pode ser de metal, de madeira ou doutros materiais. Úsase para cortar diferentes cousas.

B

Recipiente de vidro, metal ou doutro material, xeralmente de forma cilíndrica, que serve para beber.



A **descrición** dun obxecto é a explicación **detallada** das súas características: que é, o material do que está feito, como é (a forma) e para que serve (a utilidade).

- 1 Velaquí a descrición destes obxectos. Pero, ¡ollo!, ou teñen erros ou están incompletas.
 Describeos ti correctamente.




FERRO DE PASAR

Peza de roupa consistente nunha prancha metálica que se quenta por medio de electricidade, carbón etc., e que se pasa sobre os zapatos para quitarlles as manchas.

BOTELLA

Recipiente de pescozo ancho, xeralmente alongado, destinado a conter líquidos.



POTA


Recipiente de cociña de plástico ou de goma, con tampa, que se usa para estender a roupa cando está moi mollada.

- 2 Elixe un obxecto e descríbeo nunha folia á parte.
 Completa este cadro no teu caderno.

¿QUE É?	MATERIAL DO QUE ESTÁ FEITO	¿COMO É? (FORMA)	¿PARA QUE SERVE? (UTILIDADE)
.....			

- Redacta a descrición do obxecto sen poñerlle o nome.
 Pásalle a túa descrición ao compañeiro ou compañeira do lado para que adiviñe que obxecto describiches.
 Adiviña o obxecto correspondente á descrición que che pase o compañeiro ou compañeira.
 Contrastade os resultados para ver se acertastes.

- 3 Describe un obxecto inventado. Ponlle un nome e sigue as pautas que acabas de ver.



O infinitivo, o xerundio e o participio

Ademais dos modos e dos tempos verbais que vimos, cada verbo ten unha forma de *infinitivo*, unha de *xerundio* e unha de *participio*.

O **infinitivo** serve para marcar a que conxugación pertence o verbo.

Infinitivo rematado en **-ar: andar**



Verbo da **1.^a conxugación**

Infinitivo rematado en **-er: varrer**



Verbo da **2.^a conxugación**

Infinitivo rematado en **-ir: partir**



Verbo da **3.^a conxugación**

Ademais, o infinitivo pode funcionar como un substantivo.

O seu **andar**

O **xerundio** remata en...

- **-ando**, nos verbos da 1.^a conxugación: **andando**
- **-endo**, nos verbos da 2.^a conxugación: **varrendo**
- **-indo**, nos verbos da 3.^a conxugación: **partindo**

O xerundio tamén pode funcionar como un adverbio.

O camiño faise **andando**.

O **participio** remata en...

- **-ado**, nos verbos da 1.^a conxugación: **andado**
- **-ido**, nos verbos da 2.^a e da 3.^a conxugación: **varrido** e **partido**

O participio ten xénero e número:


Andado, andada, andados, andadas

Varrido, varrida, varridos, varridas

Partido, partida, partidos, partidas

Tamén pode funcionar coma un adxectivo.

O camiño **andado**.



As perífrases verbais

As perífrases verbais están formadas por un **verbo conxugado** (*temos, imos, anda, rompeu...*) mais outro verbo en **infinitivo**, **xerundio** ou **participio** (*comer, levando, partido...*).



A veces, os dous verbos poden ir relacionados por algún **elemento** (*a, de, que...*): *temos **que** lavar*.

Nas perífrases, o verbo conxugado perde o significado que acostuma ter e acada outro: en *deu comido*, o verbo «dar» perde o significado de «facer alguén voluntariamente que algo seu pase a ser doutra persoa» e adquire o significado de «acción acabada».

Ve aquí algunhas perífrases e o que expresan:

PERÍFRASES VERBAIS	EXPRESAN	EXEMPLO
ter + verbo + infinitivo	obligación	<i>Temos que mercar carne.</i>
dar + participio	acción acabada	<i>Dei acabado os deberes.</i>
ter + participio	repetición	<i>Teño falado moito con el.</i>
romper + a + infinitivo	inicio dunha acción	<i>O neno rompeu a chorar.</i>
ir + infinitivo	futuro	<i>Vai mercar unha tixola.</i>
andar + xerundio	acción non-acabada	<i>Anda dicindo mentiras.</i>


1 Escribe o infinitivo, o xerundio e o participio destes verbos.

gover - fuxir - faltar - cociñar - beber - reunir

2 Copia estas oracións e subliña as perífrases.

- Vos tedes que estudar moito para o exame.
- Meu pai anda fregando os pratos.
- Agora imos tomar un café con leite.
- Tedes que cubrir a quiniela.
- De supeto, rompeu a tronar.
- Non dei aprobado esa materia.
- Ese neno xa o teño collido no colo.

3 Descompón as perífrases verbais anteriores segundo este modelo.



4 Indica agora que significado ten cada unha das perífrases anteriores.

Tedes que estudar: obligación.

5 Inventa unha oración con cada unha das perífrases que vimos na unidade.



O hiato. Acentuación de palabras con hiato

Recorda que un **hiato** está formado por dúas vogais xuntas que pertencen a sílabas distintas. Estes son tipos de hiatos que hai.

**Vogal aberta (a, e, o) +
vogal aberta**

a-re-a
an-te-o-llos

**Vogal aberta (a, e, o) +
vogal pechada (i, u) tónica**

sa-í-da
es-quí-o

**Vogal pechada (i, u) +
vogal pechada tónica**

mu-í-ño
vi-ú-vo

Velaquí as regras de acentuación das palabras con hiato.

**Vogal aberta (a, e, o) +
vogal aberta**

Seguen as regras xerais de acentuación.

a-é-re-o: acentúase porque é unha palabra esdrúxula.

a-po-xe-o: non se acentúa porque é unha palabra grave rematada en vogal.

**Vogal aberta (a, e, o) +
vogal pechada (i, u) tónica**

Acentúase **sempre** a vogal pechada.

sa-í-da
es-quí-o

**Vogal pechada (i, u) +
vogal pechada tónica**

Acentúase **sempre** a segunda vogal.

mu-í-ño
vi-ú-vo

Exercicios

1 Copia todas as palabras con hiato do texto.

No remate dicías: Aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona queda. Sempre nos contabas isto, á deitada da cama, cando Lucía choraba porque non tiña pito coma o noso curmán Andrés. Ti tentabas explicarlle que os nenos e as nenas somos diferentes non só polo pito, senón polo corpo todo. Ela, chea de sono, teimaba en que quería ter pito coma Andrés. Daquela contábasnos o conto das ovellas que querían cornos e Lucía quedaba durmida. Moitas veces tamén quedabas ti e despois víñante espertar os papás. Nós queríamos que non marchases, pero eles non deixaban.

Pepe Carballude, *Miña avoa ten 13 anos*,
Ed. Tambre

2 Explica que tipos de hiatos son os anteriores.
— Razoa por que as palabras anteriores co hiato to levan acento ou non.

3 Substitúe a vogal destacada nestas palabras por un destes hiatos.

ÚO

AÍ

ÍA

IÚ

ÚA

• anda

• té

• xiz

• mudo

• la

• acento

4 Inventa oracións con estas palabras: brío, ríodo, olímpíada, ruído, rubéola.

As enciclopedias. Enciclopedias na rede

Unha **enciclopedia** é un conxunto de libros nos que podemos consultar información sobre diferentes temas. As enciclopedias poden ser:

- **Xerais:** conteñen información sobre temas de todas as áreas.
- **Especializadas** nun tema en concreto, por exemplo, unha enciclopedia de ciencia.

Velaquí dúas das enciclopedias que temos en galego.


Gran Enciclopedia Galega

Enciclopedia Galega Universal

En Internet tamén podemos atopar varias enciclopedias en galego. Por exemplo:

A Galipedia

<http://gl.wikipedia.org/wiki/>




A Enciclopedia Galega Universal, en versión electrónica

www.egu.es



Galicia encantada: Enciclopedia de fantasía popular de Galicia

www.galiciaencantada.com



Galicia espallada



www.galespa.com.ar



Consulta información sobre os cantares de reis nalgunha das enciclopedias da rede que acabas de ver.

Para acabar

1 Elixe un destes obxectos e descríbeo.



2 Escribe dúas palabras con cada un destes prefixos.

Prefixos de lugar

sub-:

extra-:

trans-:

Prefixos de negación

i-:

in-:

des-:

3 Completa estas oracións coa forma verbal que se indica entre parénteses.

- Estabamos..... (xerundio de **mercar**) unha chaqueta cando chegou Herminio.
- O queixo xa estaba (participio de **partir**) á metade.
- Raquel veu (xerundio do verbo **rir**) todo o camiño cos seus chistes.
- Levaba coa man (participio do verbo **levantar**) un bo anaco.
- Hai dúas horas que o vin (xerundio do verbo **abrir**) a porta.
- ¿Os ovos xa están (participio do verbo **bater**)?

4 Identifica as perífrases destas oracións e indica o seu significado.

- Non deches acabado o traballo, e agora... ¿que vas facer?
- Teño percorrido moitas veces este camiño: xa o sei de memoria.
- O bebé rompeu a rir cando chegou o avó.
- Henrique sempre anda facendo bromas pesadas.

5 Acentúa as palabras con hiato que o precisen. Deseguido, inventa unha oración con cada unha.

faraon

saudó

período

león

ruído

1. Le este texto.

DAVID CAL

David Cal Figueroa (nado o 10 de outubro de 1982 en Vilariño, O Hío, Cangas) é un piragüista galego, especialista nas categorías C1-1 000 metros e C1-500 metros e dobre medallista olímpico.

Aos 8 anos iniciouse no mundo do piragüismo, competindo durante òs veráns no club local, onde coñeceu a Xesús Morlán, o seu adestrador actual.

David Cal ten unha estatura media (1,83) e unha gran fortaleza (91 kgs), e pode erguer ata 160 quilos. É psicoloxicamente moi resistente, calado e coñecido pola súa timidez.

É unha das máximas figuras mundiais do deporte do piragüismo. Ademais, é o único galego medallista olímpico de ouro nun deporte individual, e o único deportista galego que conseguiu dúas medallas olímpicas, un ouro e unha prata, nos mesmos xogos, neste caso os de Atenas 2004.


Con só 18 anos, Cal foi bronze no campionato mundial do seu tempo disputado en Zagreb. Xa daquela competía en C1. Ao ano seguinte proclamouse campión europeo júnior en Boulogne (Francia) na categoría curta dos C1-500 e logrou a medalla de bronze na proba longa do C1-1 000. Ademais, acudiu como reserva, pero sen participar, aos Xogos de Sydney do 2000. En 2002, xa como sub-23, Cal conseguiu o bronze nos europeos de Zagreb sobre os 500 metros.

A súa primeira medalla internacional na categoría absoluta conseguíuna no 2003, nos mundiais de Gainesville, onde obtivo a prata nos 1 000 m.

Nos Xogos de Atenas, Cal gañou a primeira serie dos 1 000 metros, e cualificouse directamente para as finais. Na final, superou todos os seus rivais, e en especial o favorito alemán Andreas Dittmer desde o comezo ata o final da proba. Ademais conseguiu a marca do mundo na distancia.

Na proba curta dos 500 metros, Cal tamén gañou a clasificación directa para a final. Pero na final Dittmer rematou por diante de Cal, que foi prata.

Nos Xogos de Pequín do 2008, conseguiu dúas pratas.



2. Que tipo de texto é o que acabas de ler?

Unha biografía

Un diario persoal

Unha reclamación

Justifica a túa resposta.

3. Responde estas preguntas sobre o texto.

- ¿Que datos persoais de David Cal nos achega o texto?
- ¿Cales son as súas características?
- ¿Que datos da súa traxectoria persoal nos dan?

4 Escribe un sinónimo destas palabras extraídas do texto.

- iniciar
- erguer
- conseguir
- disputar
- rematar
- rival

5 Anota un antónimo destas palabras do texto.

- grande
- curto
- primeira
- calado
- timidez
- individual

6 Di que clases de palabras son estas do texto.

piragüista - galego - moi - dúas - primeira - conseguiu - directamente

7 Separa a raíz e as desinencias destes verbos.

iniciou coñeceu superou gañou

8 Di se estes verbos pertencen á primeira, á segunda ou á terceira conxugación. Para sabelo, có que saibas cal é o infinitivo.

ten.....▶ o infinitivo é▶ Polo tanto, é un verbo da ... conxugación
foi
acudiu

9 Xustifica por que se acentúa, ou non, estas palabras do texto.

veráns - máximas - único - galego - júnior - mundial - alemán

10 ¿Por que a palabra é se acentúa? Relaciona cada palabra co seu significado.

é

conxunción

e

terceira persoa do presente de indicativo do verbo *ser*

11 Inventa un fragmento do diario de David Cal durante a competición nos Xogos Olímpicos.

- Pensa nos momentos previos a competir e durante a competición.
- Anota as súas accións, pensamentos, sentimentos... durante ese tempo.
- A partir do anotado, redacta o fragmento de diario.


12 Describe unha piragua. Non esquezas dicir que é, de que material está feita, como é e para que se

Xogos

Sabías que...

- A palabra «biografía» procede das palabras gregas «bio», que significa «vida», e «graphía», que significa «arte de escribir».
- A biografía dun mesmo recibe o nome de «autobiografía». Esta palabra, «autobiografía», formouse a partir do prefixo tamén grego «auto», que significa «propio, a si mesmo, por si mesmo, de si mesmo», e mais a palabra «biografía».

e curiosidades



¡Non te equivokes!

- 1** Atopa nestas oracións as palabras incorrectas en galego e corríxeas.
- No conto da Cenicienta, a madastra e as irmanastras eran malvadas e tiñanlle moita envidia.
 - O rato vía nunha buhardilla ao lado da chimenea, así nunca pasaba frío.
 - Saín da habitación e entrei no pasillo oscuro que ía ata o faiado.

Sopa de letras

- 2** Busca seis sinónimos destas palabras e seis antónimos en cada unha das sopas de letras.

fraco - aseado - fermoso - mol - doado - ledó


Sinónimos

d	e	l	g	a	d	o	d	o	f
x	v	p	o	t	i	n	o	b	a
l	i	m	p	o	h	o	s	p	c
i	n	o	p	h	x	t	t	p	i
o	o	n	t	e	n	t	o	g	l
t	a	o	r	b	x	p	n	r	t
o	b	r	a	n	d	o	t	f	i

Antónimos

d	i	f	i	c	i	l	f	e	o
s	v	p	q	e	x	f	i	f	i
u	e	n	t	o	h	o	s	p	v
c	n	d	u	r	o	t	t	p	e
i	t	v	t	r	i	s	t	e	r
o	a	o	r	b	x	p	n	r	t
o	o	f	x	g	r	o	s	o	i

pillabobos



3 Resolve estes pillabobos coa axuda da palabra clave.

Pillabobos 1

Ao pai de Rosa caeulle un lapis no café. Así e todo, cando o colleu, estaba completamente seco. ¿Como é posible?

Palabra clave: café.

Pillabobos 3

Un avión con turistas xaponeses caeu xusto na fronteira entre España e Portugal. ¿Onde deben ser soterrados os superviventes?

Palabra clave: superviventes.

Pillabobos 2

Estás participando nunha carreira. No último momento, xusto antes de cruzar a meta, adiántaslle ao segundo. ¿En que posición acabaches a carreira?

Palabra clave: segundo.

O refrán agochado

4 Descubre o refrán agochado nesta grella. Pista: queda coa segunda letra de cada palabra.

berro	anel	ata	feo	aro	bravc
rabo	idea	pelo	ola	bota	aba
roda	asa	pobo	rúa	ave	serpe
lado	ira	oco	pola	amo	sala
atar	fonte	adiar	sogro	oso	

¿Cal é o refrán agochado?